



ACTA Nº 02(19/09/18)
COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN
TEMPADA 17-18

En Vigo, sendo as vinte horas do día 19 de setembro do 2018, reunido o Comité Territorial de Competición para coñecer os incidentes habidos nos respectivos encontros e sobre os que se detallan os seguintes:

1º.- Aprobar os resultados dos encontros celebrados os días 16 de setembro de 2018 correspondentes as categorías División Honra Xuvenil feminino .

2º.- CAMBIO DE DATA DE ENCONTROS

2.1.- Autorizar o cambio de datas dos seguintes encontros:

- B.CULLEREDO-B.DEZA (1ªAutonómica Masculino-Copa) **03/10/1** ás **21:00 hs**
- BM.PORRIÑO-B.CAÑIZA(1ªAutonómica Feminina) **27/09/18** ás **20:15 hs.**

Calquera incremento de gastos de arbitraje que se orixine polos cambios de data dos encontros, correrán a cargo do club solicitante con independencia do pago do fondo arbitral, conforme ao previsto no artigo 130.a), párrafo 3º, do Rgto. de Partidos e Competición

3º.-APRAZAMENTO DE ENCONTROS POR CONVOCATORIA SELECCIÓN NACIONAL

3.1.-Autorizar o aprazamento dos encontros a disputar polo Clubs:

-Laber AD.XIRIA-AD.CARBALLAL (División Honra Xuvenil Masculino)

-Clínica Deza LALIN-CISNE **Colegio Los Sauces**(División Honra Xuvenil e Cadete Masculino)

na xornada do 22 e 23 de setembro con motivo da Concentración de Tecnificación "Generación 2002-2003 que se celebra en Granada do 19 ao 26 de Setembro de 2018.

3.2.-Sinalar nova data do encontro que deberá ser fixada de mutua acordo entre os dous Clubs.**Debendo comunicar a mesma antes do 26-09-18 .De non chegar a un acordo, a data será fixada polo Cte.Territorial de Competición que terá que ser anterior a finalización de Liga Regular.**

4º.-RETIRADA DA COMPETICIÓN

4.1.-Sancionar ao Club ACADEMIA OCTAVIO. pola retirada do seu equipo de 2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINO, coa contía de SEISCENTOS EUROS(600,00€), segundo ao artigo 7 do NO.RE.BA.GA e 48E) do RRDg.

4.2.-Sancionar ao Club XIRIA Hierros Varela Urbietas, pola retirada do seu equipo de 2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINO, coa contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€), segundo o art. 7 do NO.RE.BA.GA. e art.48E)doRRDG.

4.3.-Sancionar ao Club BM.RASOIRO, pola retirada do seu equipo de 2ª DIVISIÓN XUVENIL FEMININA, coa contía de SEISCENTOS EUROS (600,00€), segundo o artigo 7 do NO.RE.BA.GA. e art. 48 E) do RRDG

5º.-DEREITOS DE FORMACIÓN

CLUB B.LUCEROS A BALONMÁN CISNE

5.1.-Segundo o fallo emitido por este comité Territorial de Competición con data 29 de xuño de 2018 en relación aos Dereitos de Formación reclamados polo Club Bm. Luceros ao Club Bm. Cisne polos xogadores Bruno Vázquez Núñez e Daniel Fernández Fernández, e sendo firme dita resolución procede REQUERIR ao Club CISNE DE BALONMÁN para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles desta notificación deposite na Federación Galega de Balonmán a cantidade de 3.024 € (tres mil vintecatros euros), cos apercibimentos recollidos no artigo 52 do RRDg, que poden chegar descalificación da competición.

6º.-PECHE DE EXPEDIENTE ABERTO (Acta nº 1 08-09-18 Play Off)

6.1.-Ante o escrito remitido polo Club Bm. Pabellón e os colexiados do encontro, este Comité Territorial de Competición ACORDA: Pechar a información aberta no acta nº 1 de data 08 de setembro.

7º.-ACTAS RECIBIDAS DAS CALES SE PECHA INFORMACION

7.1.- CADETE FEMININO PLAY OFF(09/09/18)

7.1.1.-PARTIDO:SEIS DO NADAL Coia-GALICIA SOCIAL Galsenco

Apercibimento de sanción ao Club GALICIA SOCIAL, pola ausencia de DUAS (2) XOGADORAS, segundo establece ao artigo 24g) do NOREBAGA

7.2.1.-PARTIDO:Nova Xestión PABELLÓN-BM.LUCUS CV-San Froilán

Apercibimento de sanción aos COLEXIADOS do encontro, Dn.Alfonso CANITROT GOMEZ e Dna.Blanca VÁZQUEZ VALENCIA, SEGUNDO ESTABLECE O ARTIGO 44B) do RRDg. pola non remisión das actas nos prazos previstos.

7.2.2.-Sin incidencias

8º.-SANCIONES ECONÓMICAS

Todos os Clubs e Árbitros que na presente Acta impuxéronse sancións económicas, deberán efectuar o pago das mesmas na Tesorería Territorial da Federación Galega, ABANCA c/c. nº ES14 2080 5140 95 3040024005 antes de 10 días dende á data de imposición das mesmas, ou na súa falta estaráse ao disposto no párrafo 2º do Artigo 52 do RRDg .

9º.-RECURSOS

Contra os devanditos acordos poderase interpoñer recurso ante o COMITÉ TERRITORIAL DE APELACIÓN no PRAZO MÁXIMO DE DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte o da súa notificación, previo pago das taxas correspondentes, cuxo importe TRINTA EUROS (30€) deberá remitirse por medio de cheque xunto co escrito do recurso. Todo iso segundo establecen os artigos 110 e seguintes do RRDg e o 52 f) do NOREBAGA.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O PRESIDENTE DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo. Ismael Gómez Solla
(asinado no orixinal)

O SECRETARIO DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo. Jaime López Rivera
(asinado no orixinal)